

Poemas de “POESIS”, ed. Édizer, 2016 (poemario em catro linguas)

Corre, flúe, espállate con ousadía,

percorre a terra coma hemoglobina
dende a raíz ardente á punta máis fría,
lévalle o osíxeno á alma peregrina.
Foxe cara adiante e non pares a pensar,
que a cordura non fai poesía,
xamais soubo de soñar.
infiltrate nos sonhos inocentes,
métete na fe dos ateos
e semea no peito das xentes
grans de millo e de centeo
con que mañá facelo pan.

No te sientes, no te calles,

hasta que todos tengan voz,
mientras haya brazos sin hoz
y barrigas llenas de aire.

No te sientes, no te pares,
levanta el puño y los ojos,
denuncia en nombre de todos
los que volvimos invisibles.

No te sientes y no temas
ser perseguido o ser presa,
pues no hay peor verdugo
que tu propia conciencia.

No dia em que eu morrer,

estende o meu xaile vermello,
aquele que tecemos juntos
em tantas noites de amor,
sobre o meu corpo ainda quente.

Depois, canta aos presentes
Um fado que não seja triste,
Um fado daqueles que sentes
Quando falamos baixinho.

Aquece a minha alma bem viva
com a meiguice do teu suspiro,
para que leve comigo
um pouco da nossa história,
para contar a quem encontrar
na derradeira travessia.

No dia em que eu morrer,
só não quero ouvir lamentos,
não quero ir com a imagem
dos teus olhos avermelhados,
nem sentir-me culpada
do mais mínimo sofrimento.

Antes quero que me lembres
sentada sempre a teu lado,
a te falar com silêncios,
a te cantar maravilhas
no cenário do teu corpo
com as palmas das mãos.

Canta, sim, e não chores,
no dia em que eu morrer,
por respeito à memória
do que estamos a viver.

Nos corps fatigués
se laisseront tomber
sur la ouate enveloppante.

Je me blottirai contre toi
pour sentir ta chaleur
contre mon ventre froid.

Étourdie, je promènerai mes mains
à la découverte d'un nouveau chemin
encore vierge.

Du bout du nez je frôlerai
chaque geste, chaque ride que le temps
sur ton front a marqués.

Tes lèvres ébaucheront un baiser
mais les miennes seront déjà posées
sur les plis de ta ceinture.

Je sentirai gonfler ce ventre infécond
du fond duquel jaillira mon nom,
emporté par le plaisir naissant.

Alors, tu serreras mes poignets
dans tes mains presque rudes
pour mieux pouvoir m'aimer.

Tu m'emmèneras visiter l'Hadès,
d'où je reviendrai en déesse
adorée de son guerrier.

Essoufflés, nous dormirons sur la ouate,
sans même nous parler.

DE “Náufragas no mar e na terra”, ed. URUTAU, 2019

Son esa muller invisible
sentada na solaina fría
de calquera edificio gris
dunha cidade anónima.

Xa non son quen de mirar para vós,
van os meus pensamentos sen rumbo,
contando, unha por mil as pedras
que poboan esta beirarrúa.

Teño horario de oficina,
xornada e alma partidas,
aínda que non levo nunca
traballo para a miña casa.

Son transparente, e deixei a voz
noutros portais, onde tanto laiei
con ladaíñas que non chegaban,
retidas na gorxa, afogadas,

Só consigo saír do torpor
ao sentir o son metálico
que de lonxe en lonxe ven bater
na cóncava luz de esperanza.

É entón cando os nosos ollares,
por un instante fugaz se tocan,
e ademais de pensar vou comer,
adío a idea de que estou

Xa para todos, morta.

Voa

levanta os pés do chan
non sigas os camiños trazados,
aínda que sexa por séculos de historia.

Ti

es quen debe debuxar o camiño,
ti
fas a túa historia.

Deixa que flúa en cada paso
o que levamos séculos aprendendo.
Pero, para iso,
o primeiro que debes aprender
é precisamente
desaprender.

Esquecer o camiño,
perderte fóra del.
Esquecer tamén
como chegaches ata aquí,
para voltar ao inicio,
a antes de comezar a crer
que entendías,
á inocencia.
Á época en que, sen ser paxaro,
Sabías voar.

Voa

levanta os pés do chan
non sigas os camiños trazados
aínda que sexa por séculos de historia.

Porque na verdade

ti
es a historia.

“As ninguén”, ed. Belagua, 2025

II

Somos pedras na area,
rochas pesadas na boca do mar.
Pedra, rocha, serea silente,
laxe fendida,

papel mollado,
tesoiras enferruxadas
—cravadas no ventre.

IV

M *-aime-* de
musa,
mentora,
mensaxe,
música,
marabilla,
maina,
magna,
mega-
máis
—muller.

Mais M de
mal,
magra,
mácula,
madía,
malvada,
madrastra,
malfadada,
malograda,
menos
—muller.

Un día será tan só M de
—mortal.

Igual a ti,
igual a min,
sen M-áis,
sen M-enos.

VII

As que non fomos arroladas
con cantigas de durmir,
con movementos de péndulo
calculados con amor,
nin sabemos do perfume
primixenio do colo da nai.

Aí quedamos:
nacemos como nace
calquera mazá na maceira,
madurando a mercé do clima,
sacudida polos ventos,
mancada pola saraiba,
lavada polo orballo,
alumeada polo sol.

As que dende o berce
aprendemos a perder o medo
contando os coches que pasan
na lúgubre rúa da amargura,
antes mesmo de sabermos
contar cos nosos dedos.

As que chorabamos bágoas caladas,
queixumes que morrían co silencio
dun cuarto escuro, de día,
que non chegaban a ningures,
que non ouvía máis ninguén
porque alén das paredes de tixolo,
da porta de folla de madeira,
batían as voces contra o nada.

Aquelas, aínda somos nós,
mesmo se parecía,
nesa caverna de soidade
que nada mais vimos
ao agoniante mundo
xa non eramos,
ou tan pouca cousa,
como se fôsemos nada
como se nada fôsemos
como se fôsemos ninguén,

NÓS!
Que tivemos de inventarnos.

II

Somos pedras na areia,
rochas pesadas na boca do mar.

Pedra, rocha, serea silente,

laxe fendida,

papel mollado,

tesoiras enferruxadas

—cravadas no ventre.